



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

Nota de Prensa, 24/08/2023

Risco e sorpresa no cartel definitivo do WOS Festival X SON Estrella Galicia, con tres estreas mundiais e dezasete españolas

Un ano máis, Galicia lidera o circuíto de grandes citas internacionais da electrónica coa incorporación de nomes como Actress, Laurel Halo, Kia, Black Rave Culture, Bruce, Frederik Valentin & LokeRahbek, object blue & Natalia Podgorska, Iceboy Violet, Patricia Wolf e Marlene Ribeiro & Inês Malheiro

As entradas por día e para concertos ou eventos individuais poderanse adquirir a partir das 12.00 horas do martes 29 de agosto en wosfestival.es

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2023.- O festival WOS Festival x SON Estrella Galicia presenta hoxe a programación musical ao completo da súa séptima edición, que ofrece un ambicioso cartel onde se cruzarán a música de vanguarda más evocadora cos sons de baile do presente-futuro.

Do 14 ao 17 de setembro, Santiago de Compostela transformarase no punto de encontro internacional entre os principais actores da escena musical de vanguarda. Artistas de máis de 15 países dos cinco continentes (de Exipto a India, pasando por Reino Unido, Portugal, Kenya ou Australia, entre outros) presentarán case unha trintena de espectáculos de arte sonora en extraordinarias salas de capacidade reducida, como a Igrexa da Compañía, o Teatro Principal ou o complexo arquitectónico industrial Fundación Laboral de la Construcción, a nova e exclusiva localización para a programación de noite do sábado 16 de setembro. O Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC), a sede Afundación, a Fundación Eugenio Granell, a sala de cinema NUMAX, o Parque de Bonaval e a sala Capitol completan a rede de espazos nos que terá lugar o programa desta edición. Así, WOS Festival x SON Estrella Galicia relocerá novamente no marco do panorama musical pola súa diversidade, vocación inclusiva e apoio á escena galega, proclamándose, un ano máis, como o evento ideal para presentacións e estreas mundiais.

Na edición de 2023, a estrela do cartel será o británico Actress aka Darren J Cunningham. Representante dunha xeración de artistas que a finais da década dos 2000 animou a escena techno, os seus explosivos directos e os seus laureados discos son sempre unha excelente noticia. En WOS Festival presentará temas do EP *Dummy Corporation* (2022) e o seu último single, *Push Power* (2023), publicados polo lendario selo discográfico Ninja Tune. Xunto a Actress, salienta o nome da artista de culto Laurel Halo. A americana vén presentar ao vivo, da man da chelista norteamericana Leila Bordreuil, o seu novo traballo, titulado *Atlas* (2023), unha proposta de ambient con influencia neoclásica. Tamén veremos a estrea mundial do novo espectáculo da lenda xaponesa Midori Takada, *Japan On Films* (2023), proxecto que conta co apoio internacional de institucións tan prestixiosas como o British Film Institute (BFI) e a Fundación Japón.

No WOS haberá máis estreas. Ao longo das súas seis edicións anteriores, o festival recibiu aos responsables de selos como Kode9 (Hyperdub), Bill Kouligas (PAN) e Helm (ALTER), mais faltaba o sempre interesante Le Gamble. Á fronte de UIQ, este produtor e dj británico con gran recoñecemento na escena experimental internacional será un dos momentos más esperados polo público deste ano. E xusto antes de que o músico Siddhartha regrese á India, veremos a estrea en España dun concerto



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

comisariado polo festival Berlin Atonal, *Shackleton & Zimpel with Siddhartha Belmannu and Pedro Maia*. Tambien sera a primeira vez que veremos en Europa o novo da australiana CORIN; a súa compatriota Kia, concretamente da escena de Melbourne, sera, sen dúbida, unha das sorpresas desta edición. Trátase dunha boa selectora cuxos sets en HÖR Berlin, no pasado Dekmantel ou Sustain Release deixaron a moitos e moitas con ganas de moito máis.

Este 2023 tamén cómpre destacar a visita dos dj's e produtores Black Rave Culture, cuxo segundo disco foi calificado de "incredible" pola influínte plataforma de música electrónica Resident Advisor. Desde Washington DC, traerán con eles todos os ingredientes precisos para unha verdadeira rave inclusiva e poderosa. As persoas afeccionadas ao ambient poderán gozar coa obra doutra americana, Patricia Wolf: as súas composicións cheas de vogais, sons sintéticos e gravacións de campo fan de Wolf un dos nomes más prometedores da escena. E, volvendo a Europa, destaca Iceboy Violet, artista non binario que vén de publicar *Not a Dream But a Controlled Explosion*. Os seus impactantes directos inclúen rap ao vivo e bases elocuentes.

Ademais, tras triunfar en Dekmantel 2023, recibimos a object blue & Natalia Podgorska estreando en España o traballo *Pearl Forest* (2023). Tamén a ABADIR, artista do Cairo (Exipto) con base en Berlín, e autor de *Mutate*, un deses discos que definiron o 2022. Súmase tamén ao cartel do WOS a portuguesa Marlene Ribeiro, cunha traxectoria internacional con colaboracións con Valentina Magaletti ou Colleen, que se une en exclusiva ao talento de Ines Malheiro para facer tres únicos concertos especiais en Lisboa, Porto e Santiago de Compostela. Finalmente, a escena experimental nórdica estará ben representada con Croatian Amor e Loke Rahbek & Frederik Valentin, vinculados ao influínte selo Posh Isolation. Malibu, Aho Ssan & Sevi Iko Dømochevsky, Bruce, DjRUM, Lamin Fofana, Loraine James, Puce Mary, Slikback & Weirdcore completan o elenco internacional.

En canto á escena galega, WOS Festival x SON Estrella Galicia contará con artistas como Ivankovà, JUAIT, Alex Aller & Margarida Mariñou, Akazie e Kosu Nes & Urok. O festival reivindica así a escena local como unha rede viva e activa, que evolucionou e mutou ao longo do histórico dun festival que deixa pouso no noroeste da Península Ibérica, ao traer a artistas pouco habituais no circuito galego e que, doutra forma, sería difícil de ver alén das grandes capitais europeas.

Os abonos de catro días (Long Weekend) e de tres días (Weekend) pódense adquirir en wosfestival.es Como novidade, a partir da semana que vén, concretamente desde as 12.00 horas do martes 29 de agosto, na web oficial do festival poderanse retirar tamén as entradas por día e para concertos ou eventos individuais da noite do venres 15 e do sábado 16 de setembro.

WOS FESTIVAL X SON ESTRELLA GALICIA 2023

ABADIR (Live)

Actress (Live AV)*

Aho Ssan & Sevi Iko Dømochevsky present *Rhizomes* (Live AV)*

Akazie (Dj)

Alex Aller & Margarida Mariño present *Transmutation* (Live)**

Black Rave Culture (Dj)*

Bruce (Live)*

CORIN presents *Lux Aeterna* (Live AV)*

Croatian Amor (Live)

DjRUM (Dj)

Iceboy Violet (Live)*



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

Ivankovà (Live)
JUAIT (Live)*
Kia (Dj) *Kosu Nes & Urok presents *Itionomaxi* (Live AV)*
Lamin Fofana (Dj)*
Laurel Halo presents *Atlas* (Live AV)*
Lee Gamble (Dj)
Loke Rahbek & Frederik Valentin (Live)*
Lorraine James presents *Gentle Confrontation* (Live AV)*
Malibu (Live)
Marlene Ribeiro & Inês Malheiro*
Midori Takada presents *Japan On Film* (Live) **
object blue & Natalia Podgorska present *Pearl Forest* (Live AV)*
Patricia Wolf (Live)
Puce Mary (Live)*
Shackleton & Zimpel with Siddhartha Belmannu and Pedro Maia present *In The Cell Of Dreams* (Live AV)*
Slikback & Weirdcore (Live AV)*
* Estrea en España
** Estrea mundial

Contacto de prensa WOS Festival x SON Estrella Galicia
The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es
Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155)

Accede á [sala de prensa](#) de WOS Festival x SON Estrella Galicia